SECUNDINO GARCÍA CASAL (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 10/11/2026
HASH: c77a4324edee0c28f52ec1502d228824e

MONICA CIBREIRO CANEIRO (2 para 2)
SECRETARIA ACCIDENTAL
Data de Sinatura: 10/11/2026
HASH: 36995d810cf5de350ab1e4c96aaa76d8

Expediente núm.: 530/2026
Resolución con número e data establecidos á marxe
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Data de iniciación: 25/08/2026

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Estimación da solicitude de modificación da situación de non dispoñibilidade na Bolsa de Emprego no proceso do POS+ Adicional 01 (Expte. 530/2026) e actualización da Bolsa

ANTECEDENTES

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	**Data/Núm.**
Aprobación da convocatoria e bases	01/09/2026 / Decreto 2026-0393
Anuncio no BOP	08/09/2026 / BOP Núm. 171
Estimación de recurso potestativo da base novena das bases	15/09/2026 / Decreto 2026-0404
Anuncio no BOP corrección da base novena das bases e apertura novo prazo de instancias	16/09/2026 / BOP Núm. 177
Aprobación da lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas	30/09/2026 / Decreto 2026-0428
Publicación do Decreto 2026-0428 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	30/09/2026
Aprobación da lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas	08/10/2026 / Decreto 2026-0436
Publicación do Decreto 2026-0436 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	08/10/2026
Ampliación extraordinaria do prazo enmenda e baremación do Tribunal Cualificador	09/10/2026 / Decreto 2026-0439
Publicación do Decreto 2026-0439 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	09/10/2026

DECRETO
Número: 2026-0485 Data: 10/11/2026

Cod. Validación: 5HR5SXDXC95EJFJKD752E64F3
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

Aprobación nova lista provisional persoas admitidas e excluídas, aclaracións e apertura novo prazo	09/10/2026 / Decreto 2026-0442
Publicación do Decreto 2026-0442 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	09/10/2026
Aprobación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo	15/10/2026 / Decreto 2026-0447
Publicación do Decreto 2026-0447 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	15/10/2026
Publicación da Acta de Non Presentación de Alegacións e Convocatoria de Entrevistas no taboleiro de anuncios da sede electrónica	26/10/2026
Aprobación da contratación temporal e creación dunha bolsa de emprego	28/10/2026 / Decreto 2026-0473
Publicación do Decreto 2026-0473 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	28/10/2026
Escrito de renuncia da primeira persoa aspirante proposta para o posto	02/11/2026 / 2026-E-RE-1218
Aceptación renuncia, novo chamamento e actualización Bolsa de Emprego	03/11/2026 / Decreto 2026-0477
Publicación do Decreto 2026-0477 no taboleiro de anuncios da sede electrónica	03/11/2026
Achega de documentación para a incorporación ao posto da persoa á que se realizou o novo chamamento	05/11/2026 / 2026-E-RE-1251
Escrito de reclamación sobre a situación na bolsa de emprego da primeira persoa aspirante proposta para o posto	10/11/2026 / 2026-E-RE-1273

PRIMEIRO. Mediante Resolución da Alcaldía número 2026-0473, de data 28 de outubro de 2026, aprobouse a contratación laboral temporal de Dna. Pilar Couce Freire como traballadora social do Concello de San Sadurniño, así como a constitución da correspondente bolsa de emprego derivada do proceso selectivo convocado ao abeiro do POS+ Adicional 01, expediente 530/2026.

SEGUNDO. Con data 2 de novembro de 2026, Dna. Pilar Couce Freire presentou escrito de renuncia á contratación proposta, alegando que se atopaba prestando servizos noutra Administración pública e solicitando permanecer na bolsa de

DECRETO
Número: 2026-0485 Data: 10/11/2026
Cod. Validación: 5HR5SXDXC95EJFJKD752E64F3
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

emprego.

TERCEIRO. Mediante Resolución da Alcaldía número 2026-0477, de data 3 de novembro de 2026, aceptouse a renuncia presentada, acordouse o chamamento da seguinte persoa aspirante da bolsa e mantívose a Dna. Pilar Couce Freire no primeiro lugar da lista, atribuíndolle a situación de «suspenso/non dispoñible (situación de ocupada)».

CUARTO. Con data 10 de novembro de 2026, Dna. Pilar Couce Freire presentou un novo escrito no que manifesta a súa disconformidade coa situación de non dispoñibilidade que lle foi atribuída e solicita que se modifique a súa situación na bolsa, pasando a figurar como dispoñible para poder participar nos futuros chamamentos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO. A competencia para resolver corresponde á Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación coas atribucións relativas á xefatura superior do persoal da Corporación.

SEGUNDO. A base Duodécima das bases reguladoras do proceso selectivo establece que, cando se produza a necesidade dunha nova contratación, se chamará á persoa que figure en primeiro lugar na bolsa e que, no caso de que esta non estea dispoñible ou renuncie á contratación, se continuará o chamamento segundo a orde de prelación establecida.

A mesma base regula os efectos das renuncias, establecendo como regra xeral que a persoa que renuncie pasará ao último posto da lista, agás nos supostos de forza maior debidamente xustificados, entre os que se menciona expresamente o desempeño doutro posto de traballo.

Así mesmo, a base enumera as causas que xustifican a renuncia a unha oferta de traballo e que implican o mantemento dentro da bolsa, incluíndo expresamente estar en situación de ocupación prestando servizos nun Concello, como persoal contratado en calquera das formas admitidas en dereito, laboral ou funcionario interino.

TERCEIRO. Da interpretación conxunta da citada base non se desprende que o feito de estar prestando servizos noutra Administración pública determine automaticamente a situación de non dispoñibilidade na bolsa de emprego.

As bases non establecen como requisito para permanecer en situación de dispoñibilidade estar en situación de desemprego nin dispoñen que o desempeño dun posto de traballo noutra Administración pública implique, por si mesmo, a

Cod. Validación: 5HR5SXDXC95EJFJKD752E64F3
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6

imposibilidade de recibir ou aceptar futuros chamamentos.

Cómpre diferenciar, por tanto, a situación laboral actual da persoa integrante da bolsa da súa dispoñibilidade efectiva para atender unha oferta concreta de contratación. Esta última deberá comprobarse no momento en que se produza o chamamento, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao cumprimento dos requisitos legais que resulten aplicables.

CUARTO. En consecuencia, procede estimar a solicitude presentada pola interesada e modificar a situación que lle fora atribuída na bolsa de emprego, pasando a figurar como dispoñible, sen prexuízo das consecuencias que puidesen derivarse dunha eventual renuncia a futuras ofertas de contratación, de acordo co establecido nas bases reguladoras.

En virtude do exposto,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Estimar a solicitude presentada por Dna. Pilar Couce Freire, con DNI ***3818**, con data 10 de novembro de 2026, pola que solicita a modificación da súa situación na bolsa de emprego de traballador/a social do Concello de San Sadurniño.

SEGUNDO. Modificar a situación de Dna. Pilar Couce Freire na Bolsa de Emprego, pasando de «suspenso/non dispoñible (situación de ocupada)» a **«dispoñible»**, mantendo a súa posición no primeiro lugar da orde de prelación da bolsa, coa puntuación de 50,50 puntos.

TERCEIRO. Establecer que a súa inclusión en situación de dispoñibilidade implica que poderá ser chamada para futuras ofertas de contratación conforme á orde de prelación da bolsa, sen que a súa actual situación laboral noutra Administración pública constitúa, por si mesma, causa automática de non dispoñibilidade.

En todo caso, a aceptación dunha eventual oferta e a súa incorporación quedarán condicionadas ao cumprimento dos requisitos legais e administrativos que resulten aplicables no momento do chamamento, incluídos, se procede, os relativos ao réxime de incompatibilidades.

CUARTO. Actualizar a relación de persoas integrantes da bolsa de emprego de traballador/a social do Concello de San Sadurniño, como consecuencia da modificación da situación de dispoñibilidade de Dna. Pilar Couce Freire, quedando configurada do seguinte xeito:

ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓ	ESTADO/

DECRETO
Número: 2026-0485 Data: 10/11/2026
Cod. Validación: 5HR5SXDXC95EJFJKD752E64F3
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

			N	SITUACIÓN
1	COUCE FREIRE, PILAR	***3818**	50,50	Dispoñible
2	BECEIRO LOURIDO, CARLA	***1190**	50,48	Dispoñible
3	VÁZQUEZ CRUZ, ESTEFANÍA	***0144**	50,00	Dispoñible
4	GÓMEZ LAMAS, CARMEN PATRICIA	***9336**	50,00	Dispoñible
5	MESÍA FRAGA, SOFÍA	***7936**	50,00	Dispoñible
6	MOLEDO PEREIRO, MARÍA ÁNGELES	***7018**	50,00	Dispoñible
7	REY HERMIDA, BIBIANA	***1228**	49,00	Dispoñible
8	HERNANDO MARTÍNEZ, PAULA	***8963**	39,20	Dispoñible
9	TAJES SUÁREZ, MARÍA BELÉN	***1158**	35,80	Dispoñible
10	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, LUCÍA	***1064**	35,10	Dispoñible
11	VÁZQUEZ SUÁREZ, UXÍA	***0098**	27,20	Dispoñible
12	MATILLA VÁZQUEZ, ELENA CAROLINA	***6200**	27,00	Dispoñible
13	SANESTEBAN DOPICO, ESTELA	***2995**	19,85	Dispoñible
14	LÓPEZ COUCEIRO, ALICIA	***3832**	13,00	Dispoñible
15	NAVARRO SAAVEDRA, LAURA	***3245**	7,50	Dispoñible

A presente actualización non modifica as puntuacións nin a orde de prelación resultantes do proceso selectivo, limitándose a reflectir a situación actual das persoas integrantes da bolsa.

QUINTO. Notificar a presente resolución a Dna. Pilar Couce Freire, co ofrecemento dos recursos que procedan, e proceder á súa publicación no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello, de conformidade co establecido na base sétima das bases reguladoras do proceso selectivo.

DECRETO
Número: 2026-0485 Data: 10/11/2026
Cod. Validación: 5HR5SXDXC95EJFJKD752E64F3
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

SEXTO. Manter vixentes os restantes pronunciamentos da Resolución da Alcaldía de data 3 de novembro de 2026 que non resulten afectados pola presente resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante esta Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0485 Data: 10/11/2026

Cod. Validación: 5HR5SXDXC95EJFJKD752E64F3
Corrección: https://sansadurnino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6